

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 17-06-2022  
ata a día 18-07-2022  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

*ANUNCIO da convocatoria, das bases xerais e bases específicas do proceso selectivo para o ingreso como funcionario de carreira nunha (1) praza de técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas da oferta de emprego de 2019.*

No *Boletín Oficial* da provincia (BOP) de Lugo número 101, do 6 de maio de 2021, publícanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo incluídas nas ofertas de emprego público, acceso libre (cota xeral e cota discapacitados).

No BOP número 116, do 23 de maio de 2022, publícase a convocatoria e as bases específicas que rexerán polo sistema de concurso-oposición o proceso selectivo, en quenda libre:

– Unha (1) praza de técnico/a superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas, pertencente á escala de Administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, grupo B.

O prazo de presentación de solicitudes será vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e bases no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no BOP de Lugo, no taboleiro de edictos desta entidade e na páxina web de Deputación Provincial de Lugo.

Lugo, 26 de maio de 2022

O presidente da Deputación Provincial de Lugo  
P.D. (Decreto do 26.7.2019)  
Pablo Rivera Capón  
Deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social

